



Federación Galega  
de Caza



XUNTA  
DE GALICIA



DEPORTE  
GALEGO



*"A Caza, unha actividade física saudable  
en plena natureza"*

---

# REGULAMENTO AUTONÓMICO DE CANS DE PARADA

---

## **OBXECTIVO**

1.- As Probas de Campa teñen a finalidade de ir integrando dunha forma progresiva aos cazadores na dinámica dos concursos aos que proporciona un campo de experiencia e de coñecementos.

## **TIPO DE PROBA**

2.- As Probas de Campa para Cans de Parada Británicos ou Continentais teñen lugar soamente en campos de herba con vexetación máis ou menos tupida (fentos, árgomas, arbustos,...). O traballo deberá ser imaxe da caza. Si é posible, será abatida unha peza de caza durante o percorrido. O can será valorado polo seu comportamento antes e despois do disparo.

Deberá localizar e mostrar a caza antes do disparo e despois atopar, cobrar e traer a caza morta ou ferida.

## **O TERREO**

3.- Estas probas deberán desenvolverse sobre un terreo con cobertura suficiente para ocultar a caza, con vexetación se fose posible variada, pero non poderá ser nunca demasiado baixa.

Pode repetirse terreo en caso de caza sementada, sempre tendo en conta a igualdade de oportunidades e a condición de que teña suficiente densidade de caza.

## **A CAZA**

4.- As Probas de Campa desenvólense sobre perdiz, faisán ou paspallás.

Con todo, poderán terse en conta para a clasificación os puntos realizados sobre outro tipo de caza, pero non as faltas. Un can non pode ser clasificado máis que se fixo polo menos un punto válido.

En caso de caza sementada, a organización encargárase con tempo de abastecerse das pezas de pluma necesarias para realizar o concurso. A sementa sobre o terreo farase de xeito ordenado e seguindo as indicacións dos xuíces, esforzándose en que tódolos participantes teñan similares condicións e oportunidades. Son os xuíces os encargados de supervisar en qué estado se atopa a caza que se vai a utilizar, sendo imprescindible que teña un voo óptimo.

## **A PRESENTACIÓN**

5.- As Probas de Campa realizaranse en solitario, pero, excepcionalmente, si estivesen presentes un número elevado de cans e o terreo tivese unha amplitude suficiente, poderanse realizar as probas en parellas.

6.- As quendas de cada can ou parella de cans, que deberán ser a bo vento, sempre que sexa posible, terán unha duración de cinco minutos como mínimo, a menos que o can cometa unha falta eliminatoria ou estea por baixo da nota do concurso.

7.- Os xuíces poderán chamar tantas veces como estimen oportuno aos cans de gran mérito que non tivesen ocasión nas quendas precedentes.

8.- Ao comezo de cada quenda, e nas chamadas sucesivas, acordarase un minuto de tregua durante o cal os puntos realizados serán tidos en conta, pero as faltas que cometan non eliminarán. Os xuíces indicarán ao condutor de forma inequívoca a finalización de devandito minuto.

9.- En caso de cambio de terreo, tendo atrelado ao can, suspenderase a conta do tempo para prosegui-la cando o can volva ser lanzado. Os atopelos durante a primeira pasada cara ao vento, lateralmente a esquerda e dereita, non contarán como faltas, pola contra, o can que faga voar a propósito un relanzamento será eliminado.

10.- Cando o xuíz sinale o final do percorrido, non se terá en conta ningún punto nin ningunha falta, a menos que o can, fóra de man, non poida ser recollido deseguido polo condutor.

11.- Os cans serán servidos por tiradores oficiais designados pola organización. Farase un disparo polo menos nunha das mostras do can, e o medo característico aos disparos será eliminatorio.

12.- Logo dunha mostra servida, seguida ou non do cobro, o condutor deberá atrelar ao can e volver preto dos xuíces.

13.- Presentando, excepcionalmente, en parellas, os dous condutores manteranse durante toda a duración do percorrido de xeito conxunto e deberán continuamente permanecer baixo a supervisión dos xuíces. Non deberá tolerarse xamais que un condutor moleste de forma abusiva coa voz ou o chifre ao can da súa parella; a presentación sobria será altamente valorada. O chifre ultrasónico está prohibido.

## **OS XUÍZOS / A CLASIFICACIÓN**

14.- Os xuízos serán en virtude da FUNCIONALIDADE do can, sen que teña na clasificación gran repercusión o estilo, aínda que os xuíces, nas súas puntuacións, comentarán este sempre no seu informe, e a igualdade entre dúas ou máis exemplares será proclamado vencedor o de mellor estilo. Serán algo máis indulxentes coas faltas de adestramento e os apoios fronte á caza.

Establecerán a súa clasificación valorando, dentro da funcionalidade, o número de puntos feitos e a calidade dos mesmos, a andadura e estilo de cada raza, a paixón pola caza, a potencia olfactiva e o adestramento.

Por outra banda os xuíces terán en conta a forma en que o can, enviado á procura da caza morta ou ferida, atopouna, e da forma en que a trouxo e entregado.

15.- Non se concederá ningunha recompensa ao can que non faga polo menos un punto sobre caza de pluma e que non cobre caza. Si o can non ha ter ocasión de realizar un cobro durante o seu traballo, procederase, preferiblemente logo do seu percorrido, a un cobro en frío con caza de pluma recentemente morta.

Un punto comeza eventualmente por un remonte de emanación, seguido dunha mostra, despois por un posible deslizamento á orde, despois pola inmovilidade á saída da caza e o respecto ao disparo. O punto non conclúe máis que cando o can é atrelado polo condutor logo de realizar o cobro.

O can debe deslizar (guiar) con decisión e soltura diante do seu condutor, soamente á orde deste e mantendo o contacto coa caza. Serán tolerados os deslizamentos prolongados a condición de que sexan enérxicos, firmes e concluíntes. Rexeitar o deslizamento á orde é eliminatorio.

O deslizamento á orde non debe de ser confundido coa acción do can que se aproxima espontaneamente á caza antes da chegada do condutor, para manter o contacto co seu emanación.

16.- No abatemento da caza, o respecto á saída da caza e ao tiro é importante, pero non eliminatorio. Se a peza é fallada polos tiradores e o can a persegue, e non volve á chamada do seu condutor, quedará eliminado.

17.- A procura deberá ser enérxica, activa, intelixente e metódica, tendo moi en conta a natureza do terreo. Non deberá regularse co chifre. Poderase eliminar a un can se o condutor o apoia continuamente co chifre ou a voz. As probas de campa deben de ser un reflexo da caza, non dun concerto. O terreo deberá ser completamente explorado.

18.- Se un can, durante o seu percorrido, atropela unha peza ou a levanta a propósito, en condicións favorables de vento, quedará eliminado.

Permitirase un atropelo en condicións desfavorables de vento. Si o can persegue á caza e non renova a súa procura á orde do condutor, quedará eliminado.

19.- Cando, excepcionalmente, os cans corran en parella, os xuíces favorecerán a aqueles que patroneen espontaneamente. O respecto ao momento da parella é obrigatorio, espontáneo ou á orde. O can que non respecte o punto da súa parella ou que moleste á súa parella persistentemente (persecución, procura irregular, adestramento insuficiente, mostras sen resultado) será eliminado.

20.- Será eliminado o can que:

1. sexa agresivo;
2. estea drogado;
3. saia da man do condutor;
4. faga voar a propósito unha vez a caza de pluma especificada no programa durante o seu percorrido;
5. deixe atrás ou atropelada máis dunha vez a caza de pluma durante o seu percorrido;
6. faga tres mostras firmes e sostidas sen resultado en varias direccións;
7. non respecte unha mostra da súa parella;
8. estorbe á súa parella persistentemente;
9. mostre o medo característico ao disparo;
10. non atope a caza abatida cuxa presenza comprobe;
11. rexeite o cobro dunha peza de caza;
12. estrague manifestamente a caza (boca dura);
13. ladre moito no seu percorrido;
14. non estea na nota do concurso.

## **AS CALIFICACIÓNS**

21.- Poderán ser de Excelente (16-20 puntos), Moi Bo (11-15 puntos), Bo (5-10 puntos), Insuficiente (0-4 puntos).

22.- Ao rematar o concurso, os xuíces deberán proclamar os resultados e entregar a clasificación aos organizadores antes de partir.

23.- Ao final da proba, procurando a asistencia de tódolos concursantes e espectadores, os xuíces comentarán o desenvolvemento do concurso en xeral, explicando de forma breve e precisa soamente a actuación e resultados dos cans cualificados con EXCELENTE, facendo mención das súas prestacións. Se un can foi eliminado os xuíces NON o mencionarán en ningún caso.

24.- Para clasificarse nos premios, un can debe obrigatoriamente facer un punto, e obter como mínimo a cualificación de MOI BO.

O presente Regulamento foi aprobado pola Asemblea, celebrada en Santiago de Compostela o 27 de decembro de 2013.